

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta de Galicia-Universidade da Coruña			
Título: Talento en formación. Convenio para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol (CIF) como campus de especialización			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol 2021-2023			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: novembro 2021	FIN: decembro 2023
CENTRO Inv. Principal: Un dos centros que forman parte do Campus Industrial de Ferrol			
OBXECTO DO CONTRATO: Contratación de 1 investigador/a en formación con tarefas propias da categoría e en liña do cumprimento dos indicadores de investigación nos que se basea o Convenio: - Desenvolver un proxecto de tese aliñado con algunha das liñas estratéxicas do CIF e avalada por un/unha investigador/a adscrito a este. - Deseñar os procesos de experimentación e recollida de datos - Traballo de campo e análise dos datos obtidos neste traballo. - Preparar informes intermedios e finais incluíndo xustificación de cales son as aportacións de investigación ás liñas estratéxicas do CIF - Diseminar resultados en contextos nacionais e internacionais en concordancia cos indicadores do CIF - Publicar os resultados no ámbito científico correspondente en liña cos intereses de difusión científica do CIF. No caso de que o resultado da investigación leve consigo a transferencia á empresa ou creación de patentes debe de existir unha clara coincidencia coas liñas estratéxicas do CIF. - Elaboración da memoria final de tese para a súa posterior lectura e defensa que permita a obtención do título de doutor/a.			
LUGAR E HORARIO: Un dos centros dos que forman parte do Campus Industrial de Ferrol. Horario: 37,5 h/semana en horario de luns a xoves de 8:30 a 14:30 e de 16:00 a 18:00, venres de 9:00 a 14:30 h.			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☒ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.738,33 € *			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 090044F100 541A 6400000			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS
Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



TITULACIÓN: Matriculado/a no curso 2023/2024 en calquera programa de doutoramento do Sistema Universitario de Galicia

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): **TITULARES:** Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (presidenta), directora do Campus Industrial de Ferrol (secretaria) e 3 expertos científicos do Comité Asesor Científico do CIF segundo o regulamento publicado o 22/11/2021 https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/012277 e que se describen máis adiante na memoria.

SUPLENTE: Vicerreitor de política científica, investigación e transferencia e adxunta á transferencia.

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (EU) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento, A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumpriran o deber de confidencialidade establecido no art. 5LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos

Documento asinado dixitalmente
A INVESTIGADORA PRINCIPAL
María Jesús Movilla Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

1- OBXETO

Esta convocatoria "Talento en formación" ten como obxecto a contratación de 3 investigadores/as predoutorais e diríxese a persoas de calquera nacionalidade que estean matriculadas no curso 2022/2023, nalgún dos Programas Oficiais de Doutoramento da UDC que se desenvolvan en calquera das titulacións do Campus Industrial de Ferrol (CIF) cuxa temática estea relacionada coas liñas estratéxicas do mesmo. A través da mesma, e en liña co apartado captación e retención de talento da dimensión investigación do convenio coa Xunta de Galicia do Campus Industrial da UDC, buscase a xeración, captación e recuperación de talento científico e investigador especializado nos ámbitos nos que o CIF quere centrar o seu posicionamento pola súa consideración de estratéxicas dentro da planificación actual da entidade: Robótica Industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñaría naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento do produto.

O contrato terá unha duración de 4 anos segundo o artigo 21 da Lei 14/2011 de 1 de xuño da ley da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, sempre tendo en conta, no caso de ser necesario, as situacións de incapacidade temporal reflectidas no artigo 21.c de dita ley.

Este contrato poderá dividirse en dúas partes, a primeira delas de 3 anos, rematados os cales esta convocatoria tería tamén como obxecto financiar a contratación laboral durante un período de capacitación para a formación posdoutoral dunha duración máxima de un ano de aquelas persoas contratadas predoutorais que obteñan o título de doutora o doutor antes do inicio do último ano de contrato.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Estadías no estranxeiro:

Co obxecto de que as persoas investigadoras beneficiarias deste Programa poidan acadar a mención de doutora ou doutor internacional, de acordo co establecido no Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, fináncianse estadías de tres meses de duración no estranxeiro cunha axuda complementaria que terá un importe máximo de 6.000 € con cargo á partida presupostaría 090044F100.541A.64000, con imputación na económica correspondente en función da natureza dos gastos (desprazamento, estadía e manutención), en función do destino da estadía de acordo coa seguinte distribución:

- a) Zona 1: 2000 €, se a estadía se realiza en Portugal ou Andorra.
- b) Zona 2: 4000 €, se a estadía se realiza en Europa (excepto Portugal e Andorra), África ou América, excepto EUA e Canadá.
- c) Zona 3: 6000 €, se a estadía se realiza en EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.

Unicamente por circunstancias excepcionais sobrevidas poderá modificarse a zona de estadía concedida, sempre que non supoña incremento do presuposto asignado, previa solicitude e informe favorable da Oficina do Campus Industrial de Ferrol.

Seguros: durante o período de estadía, o Campus Industrial de Ferrol subscribira para cada persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros cubrirán o período total da estadía efectiva.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



As estadías terán que asegurar un grao de mobilidade e de internacionalización ao cal non se podería acceder pola formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia, país de orixe ou nacionalidade, e en ningún caso poderá ocasionar un retraso na finalización dos estudos de doutoramento.

Complementariedade con outras axudas dirixidas á formación predoutoral

-No caso de que con anterioridade á formalización do contrato predoutoral a persoa candidata houbera desfrutado de algunha axuda pública ou persoal, dirixida á súa formación predoutoral ou no marco do Estatuto do persoal en formación, aprobado polo Real Decreto 103/2019 (BOE/BOE número 64, de 15 de marzo), a duración da axuda desta convocatoria reducirase no tempo equivalente. A resolución de minoración corresponderalle á Comisión de Avaliación desta convocatoria que se designará máis adiante. A estes efectos, as persoas candidatas propostas deberán comunicarlle a dita comisión e antes da firma do contrato a percepción de outras axudas, así como proporcionarlle calquera outra información que lles sexa requirida neste sentido.

En ningún caso a axuda que se conceda poderá ter unha duración inferior a 24 meses, contados dende a data prevista de incorporación, é dicir, do inicio de contrato.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

- Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea. Non obstante, as persoas non comunitarias poderán ser candidatas á axuda, aínda que para formalizar o contrato, deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país.
- Estar realizando a tempo completo os estudos de doutoramento nalgún dos Programas de doutoramento do CIF.
- Que vaian a desenvolver o seu proxecto de tese sobre algunha das áreas descritas no apartado 1 desta convocatoria.
- Que a data de finalización dos estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica, enxeñería técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2018. Enténdese como data de finalización destes estudos a de superación da última materia para completalos. Esta data poderá ser igual ou posterior a 1 de xaneiro de 2016 nos seguintes casos:
 - 1) As persoas que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a seu cargo menores de 6 anos entre o 1 de xaneiro do 2016 e o 31 de decembro do 2018.
 - 2) As persoas candidatas con una discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.
 - 3) As persoas que acrediten fidedignamente que interromperon os estudos por causa dunha enfermidade grave ou que se adicaron á atención de persoas maiores da familia en primeira liña parental.
- Licenciado/a, Graduado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a que estea matriculado/a no curso 2022/2023 en calquera programa de doutoramento do Campus Industrial de Ferrol
- Contar no expediente académico do grao ou licenciatura cunha nota media igual ou superior a 7 ou a 6 para titulacións da rama de Enxeñaría ou Arquitectura.
- Non se admitirán como candidatas a ser destinatarias destas axudas as persoas que estean en posesión do título de doutor.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse nun só documento PDF chamado Curriculum Vitae que incluírá os seguintes documentos, nomeados coincidindo coa numeración indicada:

1. **Copia do DNI / Pasaporte:** por ambas caras, en vigor, lexible
2. **Certificado de Matrícula:** certificado de acreditación por parte da persoa solicitante de estar matriculada nos Programas Oficiais de Doutoramento do CIF.
3. **Copia do título de grao e/ou master.** As persoas solicitantes que teñan cursado os estudos no estranxeiro e que posúan a certificación académica expedida nun idioma distinto ao español ou ao inglés terán que acompañala da correspondente tradución xurada.
4. **Nota media do expediente académico.** Aportarase copia dixital do expediente académico completo incluíndo estudos de grado e posgrao.
5. **Alegacións:** no caso de ter finalizado estudos antes do 1 de xaneiro de 2018, situación que alega:
 - a. Baixa maternal, ou ter a seu cargo menores de 6 anos entre o 1 de xaneiro do 2016 y o 31 de decembro de 2018.
 - b. Discapacidade igual ou superior ao 33 por cento da persoa candidata.
 - c. Acreditar fidedignamente que interromperon os estudos por causa de una enfermidade grave o que se dedicaron a la atención de persoas maiores de la familia en primeira liña parental.
6. **Historial de méritos:** o historial permitirá identificar inequivocamente
 - a. Premios extraordinarios
 - b. Cursos de formación especializada: computaranse cursos de formación especializada na materia, dun mínimo de 12 horas de duración, que teñan sido realizados con posterioridade á data de obtención do título de Licenciado/a, Graduado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a.
 - c. Estadías.
 - d. Autoría ou coautoría de publicacións en revistas especializadas.
 - e. Participación en congresos.
 - f. Patentes.
 - g. Outros méritos.

Todos os méritos deben vir acompañados polo seu xustificante correspondente, é dicir, con copia acreditativa de cada un dos méritos e unha declaración firmada da súa veracidade. Aqueles méritos que non podan contrastarse non se terán en conta na avaliación.

7. **Contrato predoutoral previo:** en caso de que teña desfrutado con anterioridade dun contrato predoutoral: a entidade contratante, a data de comezo e fin real ao previsto en el contrato.
8. **Memoria** descriptiva do traballo de investigación orixinal que se pretende realizar durante o desfrute do contrato (máximo 5 follas en letra Times New Roman 12, interliñado 1,5 e marxe superior e inferior 2,5 cm e dereito e esquerdo 3 cm). A memoria incluírá o visto e prace e certificación firmada da persoa directora do traballo de investigación. No suposto de que sexa necesaria a figura de persoa codirectora requírese tamén o consentimento da persoa codirectora do traballo. Esta memoria especificará:
 - a. Título
 - b. Antecedentes
 - c. Obxectivos
 - d. Contidos básicos do traballo, metodoloxía, actividades a realizar, planificación temporal e transferencia de

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





resultados.

- e. Adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas do CIF segundo o apartado 1 desta convocatoria, identificando claramente a área e a xustificación da súa adecuación.
- f. Visto e prace e certificación da/as persoa/s directora/s do traballo de investigación

9. **Declaración de aceptación da/as persoa/s designada/s para dirixir e codirixir a tese.**

- A presentación da solicitude comportará a autorización da persoa solicitante e do seu director/a do traballo de investigación para que a Comisión Avaliadora Externa poida consultar, comprobar, obter ou requirir a información que consta no seu expediente na UDC, necesaria para a súa identificación como persoa beneficiaria e para a avaliación dos méritos.

- Non axustarse a os termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos establecidos nela, e/ou a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de non admisión da solicitude presentada.

- A presentación da solicitude implica coñecemento e aceptación desta convocatoria, así como o consentimento das persoas participantes ós efectos de publicidade e tratamento dos datos persoais que figuran nela, co obxecto do tratamento posterior dos datos recollidos na mesma, co el obxecto do tratamento posterior dos datos con efectos históricos, estatísticos ou científicos, de conformidade co disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/672, Xeral de Protección de Datos (RGPD) no marco da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, del 6 de decembro de 2018).

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As solicitudes serán avaliadas de acordo a os seguintes criterios:

A) Méritos académicos da persoa candidata (máximo 10 puntos)

- Expediente académico da titulación universitaria oficial (máximo 2 puntos)
- Expediente académico do máster oficial (máximo 2 puntos)

A puntuación dos expedientes académicos tanto da titulación universitaria como do máster obterase de acordo coa resolución de 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A nota media do expediente académico para os títulos obtidos en sistemas universitarios estranxeiros debe calcularse de acordo co disposto na resolución de 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia e Innovación pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualificación das universidades españolas, publicadas polas resolucións de 21 de marzo de 2016 e de 20 de xuño de 2016. A información pode consultarse no seguinte enlace: <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/20/203615/ficha/203615>

A persoa candidata terá que tramitar a declaración de equivalencia da nota media de acordo con este procedemento e aportala á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. A verificación de declaración de equivalencia corresponde á universidade, que deberá revisar que os datos consignados nela coinciden cos do certificado presentado para darlle validez á mesma, polo que solo será válida se está acompañada da copia do certificado académico oficial e no seu caso da tradución correspondente.

En todos os casos a nota coa que se concorre á convocatoria ten que estar adecuada ao Real Decreto 1125/2002, de 5 de setembro, e tendo en conta os criterios sinalados no Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Nota media do expediente: 8,5-10: 2 puntos; 7-8,4: 1,5 puntos; 6-6,9: 1 punto, 5-5,9: 0,5 puntos.

- Premios extraordinarios: 1 punto por premio (máximo 2 puntos).
- Cursos de formación especializada: 0,1 puntos por curso de entre 12 e 20 h, 0,2 puntos por cursos de entre 21 e 50 h, 0,5 punto para cursos de máis de 50 h (máximo 4 puntos).

B) Méritos de investigación (máximo 14 puntos):

- Publicacións: 1 punto por publicación en revistas científicas JCR Q1 e 0,5 puntos por outras publicacións (máximo 10 puntos)
- Participación en congresos: 0,5 puntos por relatorio invitado e 0,5 puntos por cada asistencia (máximo 1 punto)
- Estadías: 0,1 puntos por mes (máximo 1 punto)
- Patentes: 1 punto por patente (máximo 2 puntos)

C) Nivel de coñecemento de inglés (máximo 1,5 puntos):

Competencia lingüística acreditable del idioma inglés:

Nivel básico (A2-B1) ou equivalente: 0,5 puntos

Nivel intermedio (B2) ou equivalente: 1 punto

Nivel avanzado (C1) ou equivalente: 1,5 puntos

D) Calidade da proposta da memoria descriptiva que se propón para a obtención de título de doutor (máximo 4,5 puntos):
valorarase o impacto, nivel de innovación, coherencia e viabilidade do seu desenvolvemento segundo a información obxectiva aportada pola persoa candidata na memoria. Será requisito indispensable que a proposta estea aliñada coas áreas de investigación de especial interese segundo o apartado 1 desta convocatoria:

- i. Impacto da investigación proposta: 1 punto.
- ii. Nivel de innovación: 1 punto.
- iii. Coherencia e viabilidade do seu desenvolvemento: 1 punto
- iv. Que a proposta apoie unha liña de investigación que sexa prioritaria para o CIF e que necesite ser reforzada: 1,5 puntos.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A avaliación das solicitudes presentadas polas persoas candidatas será realizada de acordo cos criterios establecidos no apartado 5 desta convocatoria, por unha Comisión de Avaliación que será presidida pola Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, María Jesús Movilla Fernández, sen a condición de membro e que actuará con voz pero sen voto, pola directora do Campus Industrial de Ferrol, Ana Isabel Ares Pernas, que actuará como secretaria con voz pero sen voto e da que formarán parte 3 expertos científicos externos do Comité Asesor Científico do CIF segundo regulamento publicado o 22/12/21 (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/012277):

- Unha persoa experta en materiais/fabricación aditiva: D. Senentxu Lanceros-Méndez, BC Materials - País Vasco
- Unha persoa experta en robótica industrial: D. Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós, Universidad Politécnica de Madrid
- Unha persoa experta en procesos industriais/loxística: Carlos Méndez , INTEC-CONICET (Argentina)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A selección realizarase en dúas fases:

-Na primeira fase avalíaranse os méritos da persoa candidata, a memoria de investigación e a súa adecuación ás liñas estratéxicas do CIF segundo os criterios especificados no apartado 5 desta convocatoria. De non axeitarse o proxecto ás liñas estratéxicas do CIF a persoa candidata quedará descartada do proceso de selección.

-As 10 persoas candidatas mellor valoradas na primeira fase serán convocadas a unha entrevista persoal que pode ser presencial ou en liña. Esta entrevista realizarase na forma, lugar, día e hora establecida pola Comisión avaliadora e supoñerá unha puntuación máxima de 4 puntos, que serán outorgados polos membros do Comité Asesor Científico do CIF.

7. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez rematado o prazo de solicitudes publicarase na Sede Electrónica da UDC a relación provisional das persoas admitidas e excluídas xunto coa causa de exclusión. Disporase dun prazo de cinco días hábiles, que comezarán o día despois da publicación no Taboleiro Electrónico, para presentar na Sede Electrónica da UDC reclamación e/ou aportar a documentación requirida.

Rematado o prazo de reclamacións, e unha vez resoltas motivadamente, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e a comisión de selección realizará o proceso de selección e publicará na Sede Electrónica da UDC a resolución de adxudicación provisional das persoas beneficiarias. Ademais elaborárase unha lista de agarda para cubrir posibles vacantes que se poidan producir (por renuncia, etc.). A ordenación das persoas integrantes da lista de espera seguirá a orde de prelación que resulte da puntuación obtida no proceso de valoración. Disporase dun prazo de cinco días hábiles, que comezarán o día despois da publicación no Taboleiro Electrónico, para presentar reclamación na Sede Electrónica da UDC.

Rematado o prazo de reclamacións e unha vez resoltas motivadamente, a comisión de selección publicará na Sede Electrónica da UDC a resolución de adxudicación definitiva, así como a lista de agarda.

Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de alzada perante o reitor segundo os artigos 121 e 122 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de outros recursos administrativos que se podan presentar.

8. DEBERES DAS PERSONAS BENEFICIARIAS

1. **Adscrición:** adscribirse ao CIF e cumprir con tódolos deberes respecto á filiación e visibilización do Campus Industrial segundo as indicacións do Manual de identidade corporativa do CIF (https://www.udc.es/export/sites/udc/campusindustrial/.galleries/Documentos-CIF/20211220_Manual-identidad-corporativa-CIF.pdf_2063069294.pdf).
2. **Estadía no estranxeiro:** cando a persoa beneficiaria vaia realizar unha estadía no estranxeiro deberá enviar, polo menos un mes antes da estadía, por correo electrónico a: investigacion.campus.industrial@udc.gal, os seguintes documentos:
 - a. Plan de traballo firmado pola persoa beneficiaria e a/s persoa/s director/as de tese.
 - b. Carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





indicando país e zona de destino

c. Autorización de ausencia por parte da/s persoa/s director/as de tese.

3. **Informes anuais:** remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico anual detallando todas as actividades desenvolvidas, asinado pola/s persoa/s directoras ou codirectora/s de tese. O informe será avaliado pola comisión de avaliación durante o tempo que dure a súa permanencia no programa e o contrato poderá resolverse en caso de que non superara favorablemente esta avaliación.
4. **Informe final:** remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico antes da finalización do seu contrato detallando todas as actividades desenvolvidas firmado pola/s persoa/s directoras ou codirectora/s de tese.
5. **Obrigación de publicidade e referencia:** incluír na súa tese de doutoramento e en todas as publicacións que deriven do seu traballo a súa condición de participantes no Programa Talento en Formación do CIF da UDC.
6. **Colaborar** en todas aquelas actividades de difusión que lle sexan requiridas dende o CIF relacionadas co seu traballo de investigación, incluídas aquelas nas que a súa imaxe e/ou voz poda ser difundida nos medios da UDC e do Campus Industrial de Ferrol (redes sociais e páxina web) para o cal asinará o correspondente consentimento no momento da formalización do contrato.

O incumprimento destes compromisos dará lugar á rescisión do contrato.

A adxudicación do contrato non establece ningún compromiso respecto á posterior incorporación ó cadro de persoal do Campus Industrial de Ferrol ou á Universidade da Coruña.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As persoas beneficiarias poderán ser autorizadas a prestar colaboracións, con fins formativos, nas tarefas docentes do Departamento Universitario, no caso que estea vinculado ao grupo de investigación ou investigador/a receptor, previa conformidade da persoa directora da tese e do Consello de Departamento, ata un máximo de 60 h por curso académico. En ningún caso a persoa beneficiaria poderá ser responsable ou coordinadora dunha materia nin formar parte de tribunais ou firmar actas. As actividades así exercidas non darán dereito a ningunha retribución por parte do CIF, poderán ser só de docencia práctica e serán supervisadas por un ou varios docentes do departamento. A autorización e certificación de realización das actividades de formación docente será emitida polo departamento correspondente.

-As persoas beneficiarias poderán formar parte do equipo investigador dun proxecto de investigación concedido ao CIF.

10. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase polas seguintes circunstancias:

-Abandono do programa de doutoramento por causas diferentes de ter lido a tese. Se non se renova anualmente a matrícula coa Universidade da Coruña no Programa correspondente do CIF no que se iniciou o contrato, o contrato queda automaticamente extinguido.

-Transcurso do tempo indicado no contrato.

-Renuncia.

-Cambio de director/a de tese ou cambio substancial da proposta de tese.

-Incumprimento de algún dos puntos do apartado 8.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	20/07/2023 11:54:11
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/p141Zkw50o1SM6vkmY03jg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

